

## **ESQUEMA BÁSICO SOBRE OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE**

A Lei Orgánica 5/2002 das Cualificacións e da formación profesional e posteriores desenvolvementos, caracterízase polo seguinte:

Normativiza un sistema integral para os ámbitos educativos e laboral, a referencia é o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).

Integral, pois a oferta regrada de formación profesional a través dos ciclos formativos medios/superiores e a oferta formativa laboral de certificados de profesionalidade, xa non son ámbitos diferenciados senón que ambas ofertas están integradas no CNCP.

No ámbito laboral e para acceder ao mercado laboral,

Os certificados de profesionalidade son un instrumento de acreditación oficial para as cualificacións profesionais.

Estes cualifican segundo os requirimentos do mercado laboral.

Teñen 3 niveis de cualificación profesional.

A referencia é o Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade que está estruturado en 26 familias profesionais con a súas correspondentes áreas profesionais e niveis de cualificación.

Para obter a acreditación da cualificación profesional tes dúas vías:

Realizar cursos convocados e aprobados pola Consellería de Traballo e Benestar dentro das accións formativas para a formación para o emprego.

A maioría da oferta formativa actual é de cursos de certificados de profesionalidade.

Iniciar un proceso de recoñecemento da experiencia laboral (REXP) e vías non formais de formación na Consellería de Traballo e Benestar.

Os requisitos formativos para poder cursar Certificados de profesionalidade están recollidos na seguinte normativa:

RD 189/2013, do 15 de marzo

Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 7 de xaneiro 2014

Para nivel 1 Non hai requisitos

Para nivel 2 ESO o titulacións equivalentes

Para nivel 3 Bacharelato o titulacións equivalentes

Se non tes os requisitos formativos tes as seguintes opcións:

Presentarte as probas de competencias clave convocadas pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.

Acreditar un certificado de profesionalidade cos seguintes casos:

Superar un certificado de nivel 1 que te permite cursar un certificado de nivel 2 da mesma familia e área profesional.

Superar un certificado de nivel 2 que te permite cursar un certificado de nivel 3 da mesma familia e área profesional.

Ter un certificado do mesmo nivel profesional.

Superar un curso de competencias clave aprobado pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.

O superar as probas de competencias clave serve exclusivamente para poder realizar cursos de certificados de profesionalidade, sen ter validez académica.

Enderezos WEB

Estatal: SEPE, emprego e formación/certificados de profesionalidade.

Para consultar o Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade

Xunta de Galicia

Consellería de traballo e Benestar

Dirección Xeral de Emprego e Formación

Para ver a oferta formativa de formación para o emprego

Información sobre probas de Competencias Clave

Información sobre Procedemento de recoñecemento da experiencia profesional (REXP)

LOCAL: concello de ordes. axencia de emprego e desenvolvemento local.

[www.ordes.gal](http://www.ordes.gal)